



XURADO PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN.

Expediente nº: 2/2009.

RESOLUCIÓN

PRESIDENTE:

D. Ramón Carballo Páez

VOGAIS:

D. Miguel A. Cela González

D. David Díaz Losada

Dna. Marta Carballo Neira

D. Xosé M. Fernández Varela

SECRETARIA:

Dna. Lucía Belver Quiroga

Na cidade de Lugo, o día vintetrés de xuño de dous mil dez, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, constituído polas persoas que á marxe se relacionan, reunido na sala de xuntas da Delegación Provincial da Consellería do Medio Rural, adoptou a seguinte

RESOLUCIÓN:

Visto no día da data o expediente número 2/2009 para a posible clasificación como veciñal en man común do monte **DE TUIMIL**, no concello de **BÓVEDA**, iniciado por acordo do Xurado do 17 de decembro de 2009, sendo vogal instrutor **D. MIGUEL A. CELA GONZÁLEZ**, e resultando os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO: Aceptado o cargo polo vogal instrutor (coa data do 29 de xaneiro de 2010), iniciouse o expediente número **2/2009** (por instancia de **D. José Manuel González Sánchez**), poñendo como encabezamento do mesmo a certificación da **ACTA** da sesión do Xurado, na que se acorda a iniciación do expediente e o nomeamento do vogal instrutor.

SEGUNDO: Coa data do 25 de febreiro de 2010, recabouse do Servizo de Montes no Departamento Territorial da Consellería do Medio Rural, certificación relativa a se o monte de referencia figura incluído ou non no catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de **LUGO**.

TERCEIRO: Coa data do 25 de febreiro de 2010, solicitáronse do Rexistro da Propiedade de **Monforte de Lemos**, os documentos seguintes:



1º) certificación dos asentos que poidan afectar ao terreo en cuestión e que acredite o nome das persoas a favor das que estea inscrito, expresando título de adquisición, liberdade de gravames ou cargas de calquera clase inscritas ou anotadas e que estean vixentes na actualidade segundo os asentos.

2º) certificación de se algunha das devanditas cargas fora obxecto de transmisión ou estivese afecta a algunha responsabilidade, e as limitacións de dominio e condicións ou accións resolutorias ou rescisorias que estean vixentes na actualidade.

CUARTO: Coa data do 15 de marzo de 2010, recibíuse certificación do Servizo de Montes no Departamento Territorial da Consellería do Medio Rural, na que se fai constar que o monte **DE TUIMIL**, non figura incluído no catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de **LUGO**.

QUINTO: Coa data do 17 de marzo de 2010, recibíuse certificación do Rexistro da Propiedade de Monforte de Lemos, na que se fai constar que o monte **DE TUIMIL**, tal e como se describe na solicitude do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Lugo, non figura inscrito nese rexistro.

SEXTO: Coa data do 25 de marzo de 2010, comunicóuselle ao Servizo Provincial de Montes no Departamento Territorial da Consellería do Medio Rural, a iniciación do expediente.

SÉTIMO: Coa data do 25 de marzo de 2010, comunicóuselle ao concello de **BÓVEDA** a iniciación do expediente e remitíronselle **EDICTOS** para a súa colocación no taboleiro de anuncios do concello, nos lugares de costume e nos asentamentos dos lugares e parroquia aos que pertence o devandito monte.

OITAVO: Coa data do 25 de marzo de 2010, comunicóuselle ao Rexistro da Propiedade de Monforte de Lemos, a iniciación do expediente e solicitouse a **ANOTACIÓN PREVENTIVA**.

NOVENO: Coa data do 25 de marzo de 2010, comunicóuselle a iniciación do expediente a **D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ SÁNCHEZ** como solicitante da clasificación.

DÉCIMO: Coa data do 25 de marzo de 2010, remitiuse **EDICTO** para a súa publicación no **D.O.G.**, poñendo en coñecemento de tódolos interesados a iniciación do expediente, co fin de que puideran comparecer e intervir nel, na defensa dos seus dereitos e intereses.

DÉCIMO PRIMEIRO: Coa data do 23 de abril de 2010, recibíuse comunicación do Rexistro da Propiedade de Monforte de Lemos, na que se fai constar a anotación preventiva realizada (letra **A**, predio 7.072, libro 61 do concello de Bóveda, folio 30, tomo do arquivo 811).

DÉCIMO SEGUNDO: Coa data do 3 de maio de 2010, aparece publicado o **EDICTO** no **D.O.G.** número 82, páxina 7.487, polo que se pon en coñecemento público a iniciación do expediente de clasificación do monte **DE TUIMIL**.

DÉCIMO TERCEIRO: Coa data do 10 de maio de 2010, recibíuse certificación do concello de **BÓVEDA**, na que se fai constar que o **EDICTO** estivo exposto no taboleiro de anuncios dese concello durante un mes desde o día 31 de marzo de 2010.

DÉCIMO CUARTO: Coa data do 11 de maio de 2010, comunicóuselle ao alcalde pedáneo ou de



barrio de Tuimil, o dereito da comunidade de veciños á elección de dous representantes, que poderán asistir ás reunións do Xurado nas que se estude o expediente do monte **DE TUIMIL**, (con voz pero sen voto).

DÉCIMO QUINTO: Coa data do 31 de maio de 2010, recibíuse comunicación da comunidade de veciños de **TUIMIL**, concello de **BÓVEDA**, na que como vogais representantes no Xurado pola comunidade implicada no procedemento, resultaron elixidos os seguintes veciños:

- **DON ALEJANDRO RODRÍGUEZ LÓPEZ**
- **DON ALEJANDRO M. RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ**

DÉCIMO SEXTO: Non se recibiu ningunha alegación en contra da clasificación do monte como veciñal en man común.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1º.- O Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común ten competencia e xurisdición para coñece-lo expediente, séndolle atribuída tal competencia polo artigo 9 da Lei de Galicia 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común.

2º.- Examinada a documentación obrante no presente expediente, e posto que non consta que se teña presentado alegación algunha en contra da clasificación, cabe manter o comprobado no estudio previo realizado na elaboración da carpeta-ficha polo Servizo de Montes, e clasificar as parcelas recollidas na planimetría elaborada, que figuran no Catastro actual a nome dos veciños de Tuimil. Atendendo, ao tipo de aproveitamento comunitario que presenta, considérase que o monte **DE TUIMIL**, reviste o carácter de veciñal en man común conforme ao disposto no artigo 1 da devandita Lei.

Vistos os antecedentes de feito e os fundamentos de dereito anteriores, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, **RESOLVE:**

CLASIFICAR como veciñal en man común o monte das seguintes características:

Nome: **DE TUIMIL**
Pertenza: veciños da parroquia de **TUIMIL**.
Parroquia: **TUIMIL**.
Concello: **BÓVEDA**.
Superficie: **126 hectáreas, 11 áreas e 5 centiáreas.**

Estremas:

Parcela nº 1 : Superficie de 3 hectáreas , 16 áreas.

Norte: Predios particulares de Don Manuel Durán Bailly Baillere (Polígono 21, parcela 54)

Sur : Predios particulares do Concello de Bóveda (Polígono 19, parcela 518).

Leste : Predios particulares de Don Manuel Durán Bailly Baillere (Polígono 21, parcela 54)

Oeste: Predios particulares de Manuel Duran Bailly Baillere (Polígono 20, parcela 10800) e estrada



LU – 644 de Rubián a O Incio.

Parcela nº 2 : Superficie de 47 hectáreas , 37 áreas.

Norte : Termo municipal de O Incio , estrada de Rubián a Calvos e m.v.m.c de Vilasouto (Expediente 29 / 77) (Polígono 10 , parcela 1502)

Sur : Predios particulares de Don Manuel Duran Bailly Baillere (Polígono 21 , parcelas 54 e 13 ; polígono 22 , parcelas 71 e 72) .Don Amable Darriba Garcia (Polígono 22, parcela 77), herdeiros de Don Juan González Fernández (Polígono 22 , parcela 10) e camiño de Serra a Vilasouto.

Leste : Predios particulares de Don Manuel López Somoza (Polígono 22, parcela 103), Don Julio López Somoza (Polígono 22, parcela 104), Don Enrique López Somoza (Polígono 22, Parcela 105) m.v.m.c de Laiosa (Expediente 64 /92), CH do Miño –Sil (Polígono 28, parcela 265) , mvmc de Vilasouto (Expte 29 / 77) (Polígono 10, parcela 1502) e outros veciños.

Oeste : Camiño de Calvos a O Incio.

Parcela nº 3 : Superficie de 8 hectáreas , 57 áreas.

Norte : Predios particulares de Dona Mª Pilar González Sotelo (Polígono 22, parcela 92), Dona Elda González López (Polígono 22, parcela 91), e outros veciños.

Sur : Predios particulares de dona Concepción González Fernández (Polígono 22 , parcela 1), estrada LU -644 de Rubián a O Incio .

Leste : termo municipal de O Incio

Oeste : Monte comunal dos veciños de Tuimil (Polígono 22 , Parcela 3)

Parcela nº 4 : Superficie de 6 hectáreas , 69 áreas

Norte : Termo municipal de O Incio

Sur : Monte comunal dos veciños de Tuimil (Polígono 18 , Parcela 115)

Leste : MVMC de Laiosa (Expediente 64 / 92)

Oeste : Predios particulares de Dona Maria González Vizcaíno (Polígono 18, parcela 120), herdeiros de Ramón López Casar (Polígono 18, parcela 121) ; Don José González Pérez (Polígono 18, parcela 40), herdeiros de Aurelio Darriba Corujo (Polígono 18, parcela 20), Dona Concepción González Fernández (Polígono 18 , parcela 1) e outros veciños.

Parcela nº 5 : Superficie de 47 hectáreas , 77 áreas

Norte Predios particulares de Dona Asunción López González (Polígono 19, parcela 484) , Don Enrique López López (Polígono 19, parcela 822), Dona Asunción López González (Polígono 19, parcela 481), Dona Hortensia Tome Mayo (Polígono 19, parcela 402), Dona Mª Carmen Corujo Ramírez (Polígono 19, parcela 383) , Don José González Pérez (Polígono 17, parcela 103) , Dona Manuela Pérez Mandelo (Polígono 17, parcela 102), herdeiros de Manuela López Somoza (Polígono 17, parcela 351), Dona Florentina González Rodríguez (Polígono 17 , parcela 100) e outros veciños.

Sur : Predios particulares de Don José González Pérez (Polígono 21, parcela 57), Dona Concepción González Fernández (Polígono 18, parcela 65), Don Alejandro Rodríguez López (Polígono 18, parcela 103 e Polígono 17, parcela 91), Don Faustino Rodríguez Pérez (Polígono 17, parcela 219) , Don Antonio Copa de la Fuente (Polígono 17, parcela 220) e outros veciños .

Leste : Predios particulares de Don Alejandro Rodríguez López (Polígono 18, parcela 92), Don José Álvarez González (Polígono 18, parcela 93), Dona Elda González López (Polígono 18, parcela 95), herdeiros de María López Somoza (Polígono 18, parcela 104) e outros veciños.

Oeste : Predios particulares de Don Antonio Copa de la Fuente (Polígono 17, parcela 222), herdeiros de José López Fernández (Polígono 17, parcela 224), Dona Isabel González López (Polígono 17, parcela 225), Dona Maria Pérez Rodríguez (Polígono 19, parcela 648), herdeiros de Luis Guitián Pérez (Polígono 19, parcela 643) e outros veciños .



Parcela nº 6 : Superficie de 12 hectáreas , 55 áreas.

Norte: Predios particulares de Dona Carmen López Valcárcel (Polígono 20, parcela 236) e outros veciños

Sur : Predios particulares de Don Alejandro Rodríguez Rodríguez (Polígono 20 parcela 220) , Don Luis Vázquez Álvarez (Polígono 20, parcela 219) e outros veciños .

Leste : Predios particulares de Don Manuel López Valcárcel (Polígono 20, parcela 229) , Dona Carmen Pérez Rodríguez (Polígono 20, parcela 229) , Don Alejandro Rodríguez Rodríguez (Polígono 20, parcela 225), Don Manuel Fernández Pérez (Polígono 20, parcela 834) e outros veciños

Oeste : Predios particulares de Don Jesús Díez Gómez (Polígono 20, parcela 877), Don Luis Vázquez Álvarez (Polígono 20, parcela 248), Don Alejandro Rodríguez Rodríguez (Polígono 20, parcela 220) e outros veciños .



[Handwritten signatures in blue ink]



DONA LUCÍA BELVER QUIROGA, SECRETARIA DO XURADO PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN,

CERTIFICA:

Que na sesión celebrada polo Xurado Provincial coa data do quince de xuño de dous mil once, figura o acordo seguinte:

<< 4. Recursos de reposición:

- a) Monte **DE TUIMIL**, ubicado no termo municipal de **BÓVEDA**. Na sesión celebrada con data 23 de xuño de 2010, acordouse, aceptando a proposta do instrutor, clasificar este monte como veciñal en man común, pertencente aos veciños da parroquia de **TUIMIL**, co croquis e descrición do perímetro que constan no expediente **2/2009**. Con datas 3 e 4 de agosto de 2010, teñen entrada escritos asinados por **Alejandro Manuel Rodríguez Rodríguez, José Manuel González Sánchez e Alejandro Rodríguez López**, interpoñendo recurso contra o devandito acordo do Xurado. Fundamentan o mesmo alegando, en resumo, que no seu momento foi presentada a documentación precisa coa finalidade de que se iniciase expediente de clasificación de conformidade co plano de situación, topográfico, memoria descritiva e relación de polígonos e parcelas, séndolles comunicado con data 25 de marzo de 2010 a iniciación do mesmo, presentando un importante recorte no número de predios e da superficie con respecto ao solicitado. Reunida a comisión de veciños creada na parroquia decidiron non facer alegacións, porque aínda que non estaban de acordo coa redución da superficie, aceptaban os criterios expostos na información recibida da administración na que se lles facía saber que non se clasificaban predios pequenos, con construcións ou onde non existise documentación que acreditase a súa pertenza, entendendo pola súa parte que o feito de non clasificarse non determinaba que o monte deixase de ser da parroquia noutra forma de propiedade. Que, pese a aceptar inicialmente o exposto, quedaron sorprendidos ao comprobar na publicación do DOG do 3 de maio de 2010, que un dos predios que eles veñen aproveitando desde tempos inmemoriais, figura incluído coa denominación de O Poste, no expediente de clasificación 3/2009 para a parroquia de Rubián (Santiago). Presentan copia de documento sacado do Arquivo Histórico de Lugo, que afirman non puideron presentar antes porque descoñecían a súa existencia e aseguran que con el acreditan que a parroquia de Rubián (Santiago) non tiña monte comunal. Que ante o exposto puxéronse en contacto coa xunta reitora de Rubián (Santiago), para tratar de chegar a un acordo coa finalidade de deslindar a parcela O Poste, xa que era aproveitada polas dúas parroquias. O 21 de decembro de 2010, foi presentado un **escrito** asinado por representantes dos veciños das parroquias de **Santiago de Rubián e de Tuimil**, no que chegan a un **acordo** en canto ao aproveitamento das parcelas discutidas, polo que, o **Xurado**, na reunión do 22 de decembro de 2010, decidiu deixar pendente para unha próxima reunión a resolución do recurso de reposición, unha vez que fora examinada a documentación presentada. Con data 25 de febreiro de 2011, emítese nota interior polo Servizo de Montes, xunto con planimetría reflectindo a situación na que quedarían os montes **DE TUIMIL** e **DE SANTIAGO DE RUBIÁN**, tendo en conta o acordo acadado entrámbalas dúas comunidades, propoñendo a súa clasificación conforme ao mesmo. Examinado o devandito recurso, o **Xurado**, por unanimidade, **ACORDA**, **estimar** o mesmo, polo que respecta a aceptar o acordo de avinza entre as comunidades de Tuimil e Santiago de



Rubián, quedando o monte DE TUIMIL, cunha superficie total de 148 hectáreas e 8 centiáreas.

(...) >>

E para que conste, para a súa remisión a **José Manuel González Sánchez**, e sen prexuízo da ulterior aprobación da **ACTA** da sesión á que se fai referencia, expido a presente co V. e Pr. do Sr. Xefe Territorial da Consellería do Medio Rural, Presidente do Xurado, en Lugo, a sete de xullo de dous mil once.


Vº e Pr.
**O XEFE TERRITORIAL
PRESIDENTE DO XURADO,**



Ramón Carballo Páez.



624000 625000 626000 627000 628000 629000

4725000
4724000
4723000
4722000



 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL		CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL Xefatura Territorial de Lugo Servicio de Montes	
MONTE DE TUMLIL			
Escala: 1: 15.000		Nº plano: 2	
 Parcelas do MVMC dos veciños da parroquia de Tumlil			
- Superficie total: 148,03 ha			





XURADO PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN.

Expediente nº: 1/2014.

RESOLUCIÓN

PRESIDENTE:

D. José Ramón Losada Fernández

VOGAIS:

D. Ramón Rozadillas Valverde

Dna. Isabel Jamardo Carballo

D. José Antonio Rojo Fernández

SECRETARIA:

Dna. Lucía Belver Quiroga

Representantes pola comunidade:

D. Alejandro M. Rodríguez Rodríguez (non asiste)

D. Alejandro Rodríguez López

Na cidade de Lugo, o día 30 de xuño de 2015, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, constituído polas persoas que á marxe se relacionan, reunido na sala de xuntas da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural e do Mar, adoptou a seguinte **RESOLUCIÓN**

Visto no día da data o expediente número 1/2014 para a posible clasificación como veciñal en man común do monte **DE TUIMIL (AMPLIACION)**, no concello de **BOVEDA**, iniciado por acordo do Xurado do 12 de xuño de 2014, sendo vogal instrutor **D. RAMON ROZADILLAS VALVERDE**, e resultando os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO: Aceptado o cargo polo vogal instrutor (con data do 2 de xullo de 2014), iniciouse o expediente número 1/2014 (a instancia de **D. Alejandro Rodríguez López, como presidente da xunta reitora de Tuimil**), poñendo como encabezamento do mesmo a certificación da ACTA da sesión do Xurado, na que se acorda a iniciación do expediente e o nomeamento do vogal instrutor.

SEGUNDO: Con data 4 de setembro de 2014, recadouse do Servizo de Montes na Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural e do Mar, certificación relativa a se o monte de referencia figura incluído ou non no catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de **LUGO**.

TERCEIRO: Con data 5 de setembro de 2014, recibíuse certificación do Servizo de Montes na Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural e do Mar, na que se fai constar que o monte **DE TUIMIL (AMPLIACION)**, non figura incluído no catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de **LUGO**.

CUARTO: Con data 31 de outubro de 2014, solicitáronse do Rexistro da Propiedade de **Monforte de Lemos**, os documentos seguintes:





FUNDAMENTOS DE DEREITO

1º.- O Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común ten competencia e xurisdición para coñece-lo expediente, séndolle atribuída tal competencia polo artigo 9 da Lei de Galicia 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común.

2º.- Examinada a documentación obrante no presente expediente, e posto que non consta que se teña presentado alegación algunha en contra da clasificación, cabe manter o comprobado no estudio previo realizado na elaboración da carpeta-ficha polo Servizo de Montes, aceptando a proposta do instrutor.
Atendendo, ao tipo de aproveitamento comunitario que presenta, considérase que o monte **DE TUIMIL (AMPLIACION)**, reviste o carácter de veciñal en man común conforme ao disposto no artigo 1 da devandita Lei.

Vistos os antecedentes de feito e os fundamentos de dereito anteriores, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, **RESOLVE:**

CLASIFICAR como veciñal en man común o monte das seguintes características:

Nome: **DE TUIMIL (AMPLIACION)**
Pertenza: veciños da parroquia de TUIMIL.
Parroquia: TUIMIL.
Concello: **BOVEDA.**
Superficie: **54,63 hectáreas.**

Estremas:

Parcela 294, do polígono 16:

Norte: Camiño e parcelas 308 e 307 do polígono 16.
Sur : parcelas 283, 284, 285, 286, 287 e 292 do polígono 16.
Leste: Camiño.
Oeste: Autoestrada Lugo - Monforte.

Parcela 333, do polígono 17:

Norte: Camiño.
Sur : parcela 203 do polígono 17.
Leste: Camiño
Oeste: Camiño

Parcela 284, do polígono 17:

Norte: Camiño.
Sur : Camiño.
Leste: Camiño
Oeste: Camiño

Parcela 329, do polígono 17:

Norte: Camiño.
Sur : Camiño e parcelas 120, 121, 123, 124, 125, 126, 127, 128, 129, 130 e 131 do polígono 17.
Leste: Camiño
Oeste: Camiño



1º) certificación dos asentos que poidan afectar ao terreo en cuestión e que acredite o nome das persoas a favor das que estea inscrito, expresando título de adquisición, liberdade de gravames ou cargas de calquera clase inscritas ou anotadas e que estean vixentes na actualidade segundo os asentos.

2º) certificación de se algunha das devanditas cargas fora obxecto de transmisión ou estivese afecta a algunha responsabilidade, e as limitacións de dominio e condicións ou accións resolutorias ou rescisorias que estean vixentes na actualidade.

QUINTO: Con data 26 de novembro de 2014, recibíuse certificación do Rexistro da Propiedade de Monforte, na que se fai constar, que non é posible expedir as certificacións solicitadas por estimar que non estaban os predios suficientemente identificados, e non considera suficientes os datos aportados de polígono e parcela.

SEXTO: Con data 17 de decembro de 2014, comunicóuselle ao Servizo Provincial de Montes na Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural e do Mar, a iniciación do expediente.

SÉTIMO: Con data 17 de decembro de 2014, comunicóuselle ao concello de **BOVEDA** a iniciación do expediente e remitíronselle **EDICTOS** para a súa colocación no taboleiro de anuncios do concello, nos lugares de costume e nos asentamentos dos lugares e parroquia aos que pertence o devandito monte.

OITAVO: Con data 17 de decembro de 2014, comunicóuselle ao Rexistro da Propiedade de Monforte, a iniciación do expediente e solicitouse a **ANOTACIÓN PREVENTIVA**.

NOVENO: Con data 17 de decembro de 2014, comunicóuselle a iniciación do expediente a **D. ALEJANDRO RODRIGUEZ LOPEZ** como solicitante da clasificación.

DÉCIMO: Con data 17 de decembro de 2014, remitiuse **EDICTO** para a súa publicación no **D.O.G.**, poñendo en coñecemento de tódolos interesados a iniciación do expediente, co fin de que puideran comparecer e intervir nel, na defensa dos seus dereitos e intereses.

DÉCIMO PRIMEIRO: Con data 13 de xaneiro de 2015, aparece publicado o **EDICTO** no **D.O.G.** número 7, páxina 1.733 a 1.735, polo que se pon en coñecemento público a iniciación do expediente de clasificación do monte **DE TUIMIL (AMPLIACION)**.

DÉCIMO SEGUNDO: Con data 26 de febreiro de 2015, en reunión do Xurado, acórdase a ampliación do prazo de resolución por un ano mais, que é comunicado ao solicitante o 3 de marzo de 2015.

DÉCIMO TERCEIRO: Con data 6 de maio de 2015, recibíuse comunicación do Rexistro da Propiedade de Monforte, na que se fai que se resolve pospoñer a práctica do asento solicitado por non constar inscrito o monte obxecto de ampliación, e porque os predios non se poden identificar con ningunha finca inscrita no Rexistro.

DÉCIMO CUARTO: Con data 11 de maio de 2015, comunicóuselle ao presidente da xunta rectora, o dereito da comunidade de veciños á elección de dous representantes, que poderán asistir ás reunións do Xurado nas que se estude o expediente do monte **DE TUIMIL (AMPLIACION)**, (con voz pero sen voto).

DÉCIMO QUINTO: Con data 22 de maio de 2015, recibese comunicación dos vogais representantes na reunión do Xurado, pola comunidade da Tuimil, resultando elixidos: **Alejandro M. Rodríguez e Alejandro Rodríguez López**.

DÉCIMO SEXTO: Non se recibiron alegacións durante a tramitación do expediente.



Parcela 285, do polígono 17:

Norte: Camiño.
Sur : Camiño.
Leste: Camiño
Oeste: Parcelas 312, 310 e 309 do polígono 17

Parcela 115, do polígono 18:

Norte: Parcela 104 do polígono 18.
Sur : Parcela 115 do polígono 18, que é parcela matriz sobre a que se segrega esta.
Leste: Parcela 104 do polígono 18
Oeste: Monte veciñal de Tuimil xa clasificado.

Parcela 864, do polígono 20:

Norte: Parcela 877 do polígono 20.
Sur : Camiño e monte veciñal de Tuimil.
Leste: Monte veciñal de Tuimil
Oeste: Estrada C-548

Parcela 456, do polígono 21:

Norte: Camiño e parcela 10 do polígono 21.
Sur : Camiño e parcela 8 do polígono 21.
Leste: Camiño
Oeste: Parcelas 10, 440, 9 e 8 do polígono 21.


Parcela 415, do polígono 21:

Norte: Estrada de Calvos ao Incio e camiño.
Sur : Parcela 54, 67 e 66 do polígono 21.
Leste: Camiño
Oeste: Parcelas 441 e 62 do polígono 21 e estrada de Calvos ao Incio.

Parcela 421, do polígono 21:

Norte: Termo municipal do Incio.
Sur : Parcela 13 do polígono 21 e camiño.
Leste: Camiño
Oeste: Estrada de Calvos ao Incio.

Tras esta ampliación, o monte DE TUIMIL, queda cunha superficie total de 202, 63 hectáreas



 XUNTA DE GALICIA		CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR Departamento Territorial de Lugo Servicio de Montes		
AMPLIACIÓN DE CLASIFICACIÓN DO MONTE DE TUIMIL (BÓVEDA)		Monte: TUIMIL Expediente: 2/2009 Superficie anterior: 148 Ha Superficie posterior ao aumento: 202,63 Ha Pertenza: TUIMIL Municipio: BÓVEDA		
Escala: 1:20.000	PLANO Nº1 SITUACIÓN DO MONTE			
Lenda  Ampliación_Tuimil  MVMC Tuimil 2_2009				



Lucía Belver Quiroga, secretaria do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Lugo,

CERTIFICO:

Que na sesión celebrada polo xurado provincial o día **18 de novembro de 2016**, figura o seguinte acordo:

<< Monte DE TUIMIL (expediente 2/2009), pertencente aos veciños da parroquia de TUIMIL, no termo municipal de BÓVEDA, clasificado como veciñal en man común por resolución do Xurado Provincial con data 23 de xuño de 2010 e posteriormente ampliado por resolución do 30 de xuño de 2015, e monte MEXACAS, TESO, PENEDO, SERRA DE RUBIAN e DEVESELA pertencente aos veciños da parroquia de SANTIAGO DE RUBIÁN, no termo municipal de BÓVEDA, clasificado como veciñal en man común por resolución do Xurado Provincial con data 23 de xuño de 2010. Con data 15 de abril de 2016, Alejo Alvarez Mourín, en representación da comunidade de Santiago de Rubián presenta escrito solicitando a corrección dos límites da peza denominada O Poste, clasificada para os veciños de Tuimil. A solicitude ven avalada polos representantes de ambas comunidades implicadas e segundo os que o Xurado cometeu un erro ao cartografiar esa peza de monte xa que unha parte dela debería ser atribuída aos veciños de Rubián (parte norte) e outra parte (sur), a Tuimil, tal e como acordaron en 2010. Con data 28 de setembro de 2016, emítese informe do Servizo de Montes (nº 79), no que se expresa que como consecuencia desta corrección na cartografía, o monte **DE TUIMIL pasa a ter unha superficie de 189,80 hectáreas** e o monte MEXACAS, TESO, PENEDO, SERRA DE RUBIAN e DEVESELA, unha superficie de 61,81 hectáreas. Xuntan planimetría resultante tras esta corrección. O artigo 105.2 da lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e, nos mesmos termos, o artigo 109.2 da nova Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas establecen que as administracións públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos. En vista do anterior, o Xurado, por unanimidade, **ACORDA, rectificar o erro** constatado e proceder ás oportunas correccións nos expedientes de conformidade co informe do Servizo de Montes.>>

Para que conste, expido este certificado co visto e praxe do xefe territorial da Consellería do Medio Rural, presidente do xurado.


Lugo, 23 de novembro de 2016







V. e pr.

O xefe territorial
Presidente do xurado

José Ramón Losada Fernández.



 XUNTA DE GALICIA		CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR Departamento Territorial de Lugo Servicio de Montes		
Plano de: Modificación parcial do perímetro do monte veciñal en man común dos veciños de Tuimil (exp 2/2009) e de Santiago de Rubián (exp 3/2009)		Monte: Tuimil Pertenza Parroquia de Tuimil Superficie previa 202,63 Ha Superficie revisada 189,80 Ha Municipio: Bóveda	Monte: Mexacas, Teso, Pendeo, Serra de Rubián e Devesela Pertenza Parroquia de Santiago de Rubián Superficie previa 48,36 Ha Superficie revisada 61,81 Ha	
Escala: 1:13.000	Plano 4. Monte de Tuimil revisado	Visto e prace O xefe de Servicio de Montes	O xefe de área Lugo, 28 de setembro de 2016	
 Tuimil_posterior		Ramón Rozadillas Valverde	 Santiago Fraga Sáenz Enxeñeiro de Montes	